

**AS EMPRESAS “CONSUMIDORAS” ANTE A LEI 23/2003 DE GARANTÍAS**

**DE VENDA DE BENS DE CONSUMO**

**Ámbito subxectivo e problemática de aplicación. Especial referencia ás PEME.**

**AS EMPRESAS “CONSUMIDORAS” ANTE A LEI 23/2003 DE GARANTÍAS  
DE VENTAS DE BENS DE CONSUMO**

**Ámbito subxectivo e problemática de aplicación. Especial referencia ás PEME.**

	<b>Páxina</b>
<b>I. INTRODUCCIÓN</b>	<b>2</b>
<b>II. ASPECTOS ESENCIAIS DA LEI 23/2003</b>	<b>3</b>
a) Marco legal de garantía e o “principio de conformidade”.	3
b) A garantía comercial adicional.	5
<b>III. O ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN DA LEI 23/2003.</b>	
<b>O CONCEPTO DE CONSUMIDOR.</b>	<b>6</b>
a) Aproximación ao concepto de consumidor.	7
b) Consumidor persoa xurídica. É para os efectos da Lei 23/2003?	9
<b>IV. PROBLEMÁTICA ACTUAL SOBRE O CONCEPTO DE CONSUMIDOR. ESPECIAL REFERENCIA ÁS PEME.</b>	<b>11</b>
a) A PEME consumidora.	11
b) Cal é a base para negar a condición de consumidor á PEME?	12
c) Posibles conflitos entre a PEME consumidora e o vendedor.	14
d) Solucións da PEME ante a negativa do vendedor.	15
<b>V. REFLEXIÓN FINAL.</b>	<b>18</b>

## I. INTRODUCCIÓN

Coa entrada en vigor da **Lei 23/2003 de 20 de xullo de garantías na venda de bens de consumo (LGVBC)**<sup>1</sup>, incorporouse ao ordenamento xurídico español a **Directiva comunitaria 1999/44/CE sobre determinados aspectos da venda e das garantías dos bens de consumo**<sup>2</sup>, que establece un conxunto de medidas encamiñadas a garantir un nivel mínimo e uniforme de protección dos consumidores no marco do mercado interior dos estados membros da Unión Europea e crea un réxime específico aplicable aos contratos de compravenda civil de bens de consumo que se leven a cabo entre os consumidores e os vendedores profesionais, en que se regulan determinados aspectos sobre as garantías e o saneamento por vicios ocultos que se presenten neses bens e harmonicen as lexislacións nacionais e faciliten as vendas intracomunitarias.

A LGVBC de 2003, cuxa entrada en vigor se produciu o 11 de setembro de 2003<sup>3</sup>, aproxímanos a un réxime novidoso en canto aos vicios ocultos da cousa vendida, ao influír de maneira directa no Código civil<sup>4</sup>, na Lei 26/1984 do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios (LXDCU)<sup>5</sup> modificada pola Lei 7/1998, do 13

---

<sup>1</sup> (RCL 2003,1794) BOE N° 165 venres 11 de xullo de 2003, ref. 13863 páxinas 27160-27164.

<sup>2</sup> (LCEur 1999,1654) Directiva 1999/44/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de maio de 1999, DOCE núm. L 171 de 7-7-1999 páxs. 12-16

<sup>3</sup> (RCL 2003,1794) BOE N° 165 venres 11 de xullo de 2003. Disposición final oitava.- Entrada en vigor. A presente Lei entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

<sup>4</sup> (LEG 1889, 27) Código civil. Libro IV das obrigas e dos contratos. Título IV. Do contrato de compravenda. Capítulo IV. Das obrigas do vendedor. Sección 3ª 2º Do saneamento dos defectos ou gravames ocultos da cousa vendida. Artigos 1484 a 1499.

<sup>5</sup> (RCL 1984, 1906) artigo 11 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios (BOE núms. 175 e 176, do 24-07-1984).

de abril, sobre condicións xerais da contratación (BOE núm. 89, do 14-04-1998) e na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo (LOCM)<sup>6</sup>.

## II. ASPECTOS ESENCIAIS DA LEI 23/2003

Como así dispón a súa exposición de motivos, de acordo coa Directiva 1999/44/CE da que trae causa, a Lei 23/2003 trasponse ao noso ordenamento xurídico contendo dous aspectos esenciais, referidos por unha parte, ao marco legal da garantía en relación cos dereitos recoñecidos pola propia lei, para garantir a conformidade dos bens co contrato de compravenda (“principio de conformidade”) e, por outra, articular a garantía comercial que, adicionalmente, poida ofrecer o vendedor ou o produtor ao consumidor. Vexamos as características dos aspectos esenciais da Lei 23/2003.

### a) Marco legal de garantía e o “principio de conformidade”.

O marco legal de garantía ten por obxecto facilitar ao consumidor distintas opcións para esixir o saneamento cando o ben adquirido non sexa conforme co contrato. Para isto, engádesse o denominado “*principio de conformidade*”<sup>7</sup> polo que se establece unha serie

---

<sup>6</sup> (RCL 1996, 148, 554) Lei 7/1996 do 15 de xaneiro de ordenación do comercio polo miúdo, protección referida á garantía obrigatoria dos bens. Artigo 12. Garantía servizo posvenda.(Modificado pola Lei 47/2002 (BOE núm. 304, de 20-12-02, páxs. 44759-44764) para a transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva 97/7/CE, en materia de contratos a distancia e para a adaptación da lei a diversas directivas comunitarias. Directiva 97/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 20 maio de 1997, relativa á protección dos consumidores en materia de contratos a distancia (BOE núm. 144, de 4 xuño [LCEur 1997, 1493]).

<sup>7</sup> Entenderase que os bens non son conformes co contrato sempre que cumpran todos os requisitos do artigo 3 da Lei 23/2003 sobre conformidade dos bens co contrato. a) Adáptense á descrición realizada polo vendedor e posúan as calidades do ben que o vendedor presentara ó consumidor en forma de mostra ou modelo. b) Sexan aptos para os usos aos que ordinariamente se destinen os bens do mesmo tipo. c) Sexan aptos para calquera uso especial requirido polo consumidor cando o poña en coñecemento do vendedor no momento de celebración do contrato, sempre que este admitise que o ben é apto para ese uso. d) Presenten a calidade e prestacións habituais dun ben do mesmo tipo que o consumidor poida fundadamente agardar, tendo en conta a natureza do ben e, se é o caso, das declaracións públicas sobre as características concretas dos bens feitas polo vendedor, o produtor ou o seu representante, en particular na publicidade ou na etiquetaxe.

de presuncións de conformidade co artigo 2 da Directiva 1999/44/CE, que lle concede ao comprador-consumidor a opción de esixir a reparación pola substitución do ben de maneira totalmente gratuíta, salvo que sexa imposible ou desproporcionada.

Ao mesmo tempo, cando a reparación ou a substitución non se leven a cabo nun prazo razoable - e *sen maiores inconvenientes para o consumidor* -, ou cando estas non fosen posibles ou resultasen infrutuosas, o consumidor poderá esixir a rebaixa do prezo - *proporcionalmente ao valor do ben no momento da entrega en comparación co valor do ben efectivamente entregado*- ou a resolución do contrato<sup>8</sup>.

En canto aos prazos para exercitar estas accións - *que contan a partir do momento de compra*<sup>9</sup>-, a lei reconece un prazo de dous anos para que o consumidor poida facer efectivos os dereitos de garantía - *no caso de bens de segunda man poderase pactar un prazo menor non inferior a un ano* - e o de tres anos, para que poida exercitar as accións legais oportunas cara ao vendedor profesional<sup>10</sup>.

O vendedor pode non quedar obrigado por determinadas declaracións públicas realizadas sobre as características concretas do ben - *artigo 3, letra d) da Lei 23/2003* - se demostra que descoñecía e non cabía razoablemente agardar que coñecese a declaración en cuestión, e que esa declaración fose corrixida no momento de celebración do contrato ou que non puido influír na decisión de mercar o ben.

---

<sup>8</sup> *Artigos 5 a 8 da Lei 23/2003 de garantías na venda de bens de consumo.*

<sup>9</sup> *Artigo 9 da Lei 23/2003 de garantías na venda de bens de consumo*

<sup>10</sup> *Artigo 1 da Lei 23/2003 e artigo 1.2.c) Directiva 1999/44/CE “Calquera persoa física ou xurídica que, mediante un contrato, vende bens de consumo (bens mobles corporais destinados ao consumo privado) no marco da súa actividade profesional.”*

En conclusión, as accións de reparación e substitución do ben vendido, de rebaixa do prezo e de resolución da compravenda previstas na Lei de garantías substitúen e son incompatibles - *no ámbito das compravendas de bens de consumo* - ás accións contidas no artigo 1.486 do Código civil; a acción redhibitoria (que permite o desistimento do contrato) e a “*actio quanti minoris*” (rebaixa dunha cantidade proporcional do prezo a xuízo de peritos) derivadas do saneamento por vicios ocultos, deixando a salvo as accións indemnizatorias que asisten os compradores polos danos e os prexuízos que se derivan da falta de conformidade, de acordo coa lexislación civil e mercantil<sup>11</sup>.

#### **b) A garantía comercial adicional.**

Por garantía comercial identifícase a que o vendedor ou o produtor engade e ofrece de maneira voluntaria, despois dos 6 meses establecidos no artigo 9.1 parágrafo segundo da LGVBC. A garantía comercial que se ofrezca adicionalmente debe situar o consumidor nunha posición máis vantaxosa en relación cos dereitos que lle concede a Lei de garantías e obriga o garante nas condicións establecidas no documento de garantía e na publicidade correspondente. Se o consumidor así o require, a garantía deberá formalizarse por escrito e poderá dispoñer dela cos requisitos establecidos na Lei<sup>12</sup>, sen que, por outra banda, pódese xerar confusión ou inducir a erro os consumidores respecto os seus dereitos legais.

---

<sup>11</sup> *Disposición adicional da Lei 23/2003 sobre a incompatibilidade de accións.*

<sup>12</sup> *Artigo 11. 3. da Lei 23/2003 de garantía comercial. A garantía expresará necesariamente: a) o ben sobre o que recai a garantía, b) o nome e o enderezo do garante, c) que a garantía non afecta os dereitos de que dispón o consumidor conforme ás previsións desta lei, d) os dereitos do consumidor como titular da garantía, e) o prazo de duración da garantía e o seu alcance territorial, f) as vías de reclamación de que dispón o consumidor.*

Por tanto, na medida en que se respecte o contido mínimo legal da garantía comercial, poderanse establecer as condicións que se consideraren oportunas, sen prexuízo das obrigas de documentar axeitadamente a garantía, de acordo co disposto no artigo 11.5 da Lei<sup>13</sup>, en que o prazo será de seis meses desde o fin do prazo de garantía, o necesario para esixir o cumprimento do disposto na garantía comercial (artigo 11.4. da Lei 23/2003).

### **III. O ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN DA LEI 23/2003. O CONCEPTO DE CONSUMIDOR.**

O artigo 51 da vixente Constitución española de 1978<sup>14</sup> reconece expresamente que os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e dos usuarios e protexerán mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos e sociais destes e promoverán a información e a educación dos consumidores e usuarios e fomentarán as súas organizacións de defensa.

Co fin de cumprir o mandamento constitucional, publicouse e entrou en vigor a Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios do 19 de xullo (BOE 24-07-1984), con base nos principios e nas directrices adoptados pola Comunidade Económica Europea - *hoxe Unión Europea* -, dotando os consumidores e os usuarios dun instrumento legal de protección e defensa, sen excluír outros desenvolvementos

---

<sup>13</sup> Consulta N° CG/02/05 publicada na páxina web do Instituto Nacional de Consumo <http://www.consumo-inc.es/informes/interior/GARANTIAS/frame/PREGUNTAS/Temas/Preguntas14.htm>

<sup>14</sup> Artigo 51 da Constitución española de 1978. (BOE 29-12-1978) aprobada polas Cortes en Sesións Plenarias do Congreso dos Deputados e do Senado que tiveron lugar o 31 de outubro de 1978, ratificada en Referendo do 6 de decembro de 1978. Sancionada pola S.M. o Rei ante as Cortes o 27 de decembro de 1978.

normativos que se deriven de ámbitos competenciais próximos ou conexos, tales como a lexislación mercantil, penal ou procesual e as normas sobre seguridade industrial, hixiene e saúde pública, ordenación da produción e comercio interior. Deste modo, a Lei 23/2003 crea un réxime específico aplicable aos contratos de compravenda civil de bens de consumo - *bens mobles corporais destinados ao consumo privado* - celebrados entre os vendedores profesionais - *persoas físicas ou xurídicas que, no marco da súa actividade profesional, venden bens de consumo* – e os consumidores, destinatarios finais dos bens.

**Agora ben - e aquí atópase o xerme da problemática que se pretende tratar - quen é consumidor para os efectos da Lei de garantías de 2003?** Para darmos resposta a esta cuestión, debemos ter claro o concepto de “consumidor”.

#### **a) Aproximación ao concepto de consumidor.**

Consumidor defínese como aquela persoa que merca produtos de consumo<sup>15</sup>, sendo aplicable, para os efectos da Lei 23/2003, ao consumidor definido no artigo 1.2 da Lei xeral para a defensa dos consumidores e dos usuarios de 1984<sup>16</sup>. En consecuencia, para os efectos da Lei de garantías, serán consumidores ou usuarios “*as persoas físicas ou xurídicas que adquiren, empregan ou gozan como destinatarios finais, de bens mobles ou inmobles, de produtos, de servizos, de actividades ou de funcións, calquera que for a natureza pública ou privada, individual ou colectiva de quen os producen, os facilitan, subministran ou expiden*” e teñan esa condición “*quen sen constituírse en destinatarios*

---

<sup>15</sup> *Diccionario da lingua española 22ª edición (2001) da Real Academia Española.*

<sup>16</sup> *Parágrafo terceiro, artigo 1 Lei 23/2003. Principios xerais. Para os efectos desta lei consideraranse consumidores os definidos como tales na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios.*

*finais, adquiren, almacenen, empreguen ou consuman bens ou servizos, co fin de os integrar en procesos de produción, de transformación, de comercialización ou de prestación a terceiros.”*

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobouse o Estatuto Galego do Consumidor<sup>17</sup> ao ano seguinte da entrada en vigor da Lei xeral para a defensa dos consumidores e dos usuarios. A lexislación autonómica galega establece no artigo 2 do Estatuto Galego do Consumidor de 1984 o seguinte: *“Enténdese por consumidores e usuarios, para os efectos desta lei, todas as persoas físicas ou xurídicas que adquiren, utilicen ou se aproveiten de bens, de mobles, de inmobles e de semoventes, de medios, de produtos ou de servizos e de actividades, calquera que sexa a natureza, pública ou privada, individual ou colectiva, de quen o produce ou intervén, directa ou indirectamente, na súa comercialización, sempre que o seu destino final sexa para o seu uso persoal, familiar ou colectivo.”*

Tanto a LXDCU como o Estatuto do Consumidor de Galicia recollen a posibilidade de que as persoas xurídicas (sociedades anónimas, sociedades limitadas, asociacións...) poidan ser consideradas como consumidoras - *o que determinaría a aplicación da Lei de garantías de 2003* -, porén, a realidade é que o artigo 2.a) da Directiva e Europea 1999/44/CE, que traspón a LGVBC, define como "consumidor" **toda persoa física** que, nos contratos recollidos no seu ámbito de aplicación, actúa con fins que non entran no marco da súa actividade profesional, mentres que na definición española e galega se consideran como consumidores, os definidos no artigo 1.2 da Lei 26/1984, de 19 de xullo de consumidores e usuarios e no artigo 2 do Estatuto Galego do Consumidor

---

<sup>17</sup> *Lei do 28 de decembro de 1984 do Estatuto Galego do Consumidor e Usuario. DOG do 1 de febreiro de 1985, n.º 23. BOE do 11 de xuño de 1985, n.º 0139, aprobado polo Parlamento de Galicia de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta.*

respectivamente. Por tanto, atopámonos cunha definición de consumidor **que difire, non coincide, coa dada pola Directiva trasposta** pola Lei de garantías.

A evidente disparidade conceptual existente provoca as consecuentes dúbidas e diversas interpretacións para delimitar o seu ámbito subxectivo de aplicación e, por tanto, cales son os suxeitos protexidos pola Lei de garantías na medida en que esta se remite á LXDCU, o que fai xurdir a cuestión central do estudo, isto é, **podemos considerar a persoa xurídica como consumidor para os efectos da Lei de garantías se merca ou adquire bens de consumo e cuxo fin non é integralo en procesos de produción, de transformación, de comercialización e/ou de prestación a terceiros, se non que o seu uso ou o seu aproveitamento sexa para consumo final?**

#### **b) Consumidor persoa xurídica. É para os efectos da Lei 23/2003?**

En primeiro lugar, debemos sinalar que a finalidade dunha directiva comunitaria é a de combinar a unidade do Dereito comunitario co mantemento da variedade das peculiaridades nacionais, articulándose entre si e dependendo as unhas das outras<sup>18</sup>. Así pois, os seus obxectivos principais encamiñanse á uniformidade das lexislacións, co fin de eliminar as contradicións entre as disposicións lexislativas e as administrativas dos estados membros e suprimir pegada a pegada, as diferenzas existentes, para que todos os estados impoñan, na medida do posible, os mesmos requisitos.

A Directiva só é obrigatoria para os estados membros respecto dos obxectivos que propón, deixando á súa elección a forma e os medios para alcanzalos no marco do

---

<sup>18</sup> BORCHARDT, KLAUS-DIETER. "O ABC do Dereito Comunitario" 5ª edición, setembro de 1999. Páxinas 94-104. Serie "Documentación Europea". Dirección Xeral de Educación e Cultura da Comisión Europea.

ordenamento xurídico nacional, sendo obriga de cada Estado axear a súa lexislación á normativa comunitaria. Para isto, é necesario que os estados membros adopten actos xurídicos obrigatorios de ámbito nacional ou que anulen ou modifiquen as disposicións legais e administrativas vixentes. Neste sentido, o obxectivo da Directiva 1999/44/CE, trasposta pola Lei de garantías vixente desde o 11 de setembro de 2003, encamiñase a dotar dunha maior protección o **“consumidor persoa física”**<sup>19</sup>, sen mencionar - e por tanto deixando na marxe - as persoas xurídicas, **o que a Lei de garantías non fai ou polo menos, non expresamente.**

Lembremos que as disposicións da Directiva posúen carácter imperativo, de modo que non cabe adoptar cláusulas que exclúan ou limiten os dereitos recoñecidos por esta ao consumidor. En consecuencia, a Lei de garantías dálle ese carácter imperativo a todos os dereitos recoñecidos na Directiva, mais o problema non é que a transposición exclúa ou limite os dereitos do consumidor, se non que o lexislador **non aclara nin concreta se o concepto de consumidor “español” - e por tanto, o ámbito subxectivo de aplicación da LGVBC - tamén inclúe para estes efectos, as persoas xurídicas.**

Para algúns expertos na materia, o lexislador traspuxo a Directiva 1999/44/CE *“...como o faría unha tribo bananeira, coma se non tivéssemos tradición xurídica”*<sup>20</sup>. Noutras palabras, poderíamos dicir que existe unha **“adaptación inadecuada ou con atraso”** do Dereito interno á directiva comunitaria. Desta maneira, o ordenamento xurídico español concede unha **“maior protección e amplitude de dereitos”** que a Directiva europea que traspón a Lei 23/2003, no sentido de estender o abano de posibles suxeitos que

---

<sup>19</sup> *Artigo 1.2.a) Directiva 1999/44/CE.*

<sup>20</sup> *CARRASCO PERERA, ÁNGEL. Catedrático de Dereito Civil e autor do artigo “Redundancia e ruído nas vendas de consumo”. Actualidade Xurídica Aranzadi núm. 591 (BIB 2003, 1103) Pamplona 2003.*

poden beneficiarse das garantías nas vendas de bens de consumo ao engadir ás persoas xurídicas en conexión co concepto da Lei de defensa dos consumidores e dos usuarios vixente, sendo isto posible polo carácter de protección mínima da propia Directiva<sup>21</sup>.

#### **IV. PROBLEMÁTICA ACTUAL SOBRE O CONCEPTO DE CONSUMIDOR. ESPECIAL REFERENCIA ÁS PEME.**

##### **a) A PEME consumidora.**

As PEME (Pequenas e Medianas Empresas)<sup>22</sup> caracterízanse por adquirir os máis diversos bens e produtos, tanto para os integrar nos seus procesos de produción, de transformación, de comercialización e de prestación a terceiros, como para os utilizar e os consumir como destinatarios finais.

En certos casos, os produtos adquiridos pola PEME, **como consumidor final**, resultan defectuosos ou o seu funcionamento non é o agardado, estas situacións preséntalle ao empresario a necesidade de reclamar en virtude das garantías do produto adquirido.

Agora ben, o que está acontecendo na actualidade - a *pesar de que os vendedores acostuman ampliar a garantía mínima desde a compra do produto cunha garantía comercial adicional superior á legal*<sup>23</sup> - é que á hora de efectuar unha reclamación, a PEME pódese atopar coa negativa do vendedor a arranxar ou cambiar o produto,

---

<sup>21</sup> Artigo 8.2 Directiva 1999/44/CE. Dereito interno e protección mínima. “Os estados membros poderán adoptar ou manter disposicións máis esixentes, compatibles co Tratado, para garantir ao consumidor un nivel de protección máis elevado”.

<sup>22</sup> Recentemente, a Unión Europea aprobou unha nova definición de microempresa, pequena empresa e mediana empresa (PEME) aplicable desde o 1 de xaneiro de 2005 seguindo a recomendación da Comisión, do 6 de maio de 2003, Diario Oficial da Unión Europea (2003/361/CE) por medio da que se aplica a aquelas que non superan os 250 empregados, os 40 millóns de euros de facturación, os 27 millóns de euros de balance e non son propiedade en máis dun 25% dunha gran empresa.

<sup>23</sup> Véxase o capítulo II. B) páxina 4 (artigo 11. 3. da Lei 23/2003).

xustificando que pola súa condición mercantil, non é un consumidor e que, por tanto, transcorrido o prazo de garantía comercial, non é responsable dos posibles defectos que xurdan posteriormente, a pesar de que a Lei de garantías obriga a responder das faltas de conformidade durante dous anos desde a entrega do ben e cuxa acción para reclamar o cumprimento prescribe aos tres anos.

#### **b) Cal é a base para negar a condición de consumidor á PEME?**

Esta negativa pretende amparase na *Consulta do Instituto Nacional de Consumo (INC) N.º CG/07/03*<sup>24</sup> pola que, respondendo á cuestión referente á Lei de garantías 23/2003 de se “o comprador, para beneficiarse da nova garantía, ten que ser persoa física ou tamén pode ser xurídica”, o INC exclúe do concepto de consumidor as sociedades anónimas e as de responsabilidade limitada polo seu carácter mercantil e, por tanto, das posibilidades que ofrece a lei.

Esta consulta N.º CG/07/03 que foi publicada na web do Instituto Nacional de Consumo (<http://www.consumo-inc.es/informes/interior/GARANTIAS/GARANTIAS.HTM>) - que lembremos, non é vinculante a efectos legais - , conclúe moi acertadamente que para determinar se a persoa que adquire bens e servizos é considerada consumidor ou non – e, en consecuencia, aplicable ou non a Lei de garantías -, non é o seu carácter de persoa

---

<sup>24</sup> *Consulta CG/07/03 que foi publicada na páxina web do Instituto Nacional de Consumo <http://www.consumo-inc.es/informes/interior/GARANTIAS/GARANTIAS.HTM>: O comprador, para beneficiarse da nova garantía, ten que ser persoa física ou tamén pode ser xurídica? A teor do que dispón o artigo 1 da Lei 23/2003, do 20 de xullo de garantías na venda de bens de consumo, o que esta regula é a obriga do vendedor de entregar ao consumidor un ben que sexa conforme co contrato de compravenda, nos termos previstos na propia norma. A Lei xeral para a defensa dos consumidores e dos usuarios establece que son consumidores as persoas físicas ou xurídicas que adquiren, utilizan ou se aproveitan como destinatarios finais, no que aquí interesa, dos bens mobles, calquera que sexa a natureza pública ou privada, individual ou colectiva de quen os produce ou subministra. Polo contrario, non terán a consideración de consumidores quen sen constituírse como destinatario final, adquira, almacene ou consuma bens co fin de integralos en procesos de produción, de transformación, de comercialización ou de prestación a terceiros. Logo, o que determina que a persoa que adquire bens e servizos sexa ou non consumidor, non é o seu carácter de persoa física ou xurídica, se non o destino dos bens que adquire; isto é, que os adquira como destinatario final destes ou para os integrar nun proceso produtivo, neste último caso, a persoa física ou xurídica non sería consumidor. Todo, sen prexuízo da propia configuración da persoa xurídica, como as sociedades anónimas e as de responsabilidade limitada, que sempre teñen carácter mercantil, o que as exclúe do concepto de consumidor.*

física ou xurídica se non que o fundamental, é **o destino dos bens que adquire**, isto é, **se os adquire como destinatario final ou para integralos nun proceso produtivo**, neste último caso, a persoa física ou xurídica non sería consumidor. Malia o anterior, o INC exclúe do concepto de consumidor as SA e as SL polo seu carácter mercantil.

Na miña opinión, o INC conclúe de maneira inxustificada e pouco clarificadora a non aplicación da LGVBC ás Sociedades Anónimas (SA) ou Limitadas (SL) - *polo menos no que en termos legais se refire* - e en consecuencia, das garantías nela recollidas, sinxelamente ao afirmar o carácter mercantil destas, tendo en conta que o ordenamento xurídico lles outorga – *ao remitirse ao concepto de consumidor da Lei de consumidores e usuarios de 1984*- a posibilidade de ostentar a posición de **consumidor-persoa xurídica** sen excluír aquelas que posúan carácter mercantil<sup>25</sup>.

Tal e como sinalou o **Tribunal Supremo** nas *sentenzas do 17 xullo 1997 [RX 1997, 5759]<sup>26</sup>, 17 marzo e 16 decembro 1998 [RJ 1998, 1351 e 9640], 18 xuño 1999 [RX 1999, 4478]<sup>27</sup>, e a do 16 de outubro de 2000 [RX 2000, 9906]<sup>28</sup>*, entre outras, “*a Lei - art. 1, apartados 2 e 3 LXDCU - exclúe do seu ámbito a quen adquire os bens sen constituírse en destinatario final, para integralos en actividades empresariais ou profesionais*”.

---

<sup>25</sup> Véxase III.b), páxinas 8 e 9

<sup>26</sup> STS n.º 685/1997 do 17 de xullo. Recurso de casación núm. 2518/1993 [RX 1997, 5759] Sala do Civil. Relator Excmo. Sr. Alfonso Villagómez Rodil.

<sup>27</sup> STS n.º 568/1999 do 18 de xullo. Recurso de casación núm. 3337/1994 [RX 1999, 4478] Sala do Civil. Relator Excmo. Sr. José Menéndez Hernández.

<sup>28</sup> STS n.º 922/2000 do 16 de outubro. Recurso de casación núm. 2881/1995 [RX 2000, 9906] Sala do Civil. Relator Excmo. Sr. Jesús Corbalán Fernández.

En consecuencia, exclúense do concepto de consumidor as persoas, físicas ou xurídicas, que adquiren bens para os integrar en actividades empresariais ou profesionais - *fin do ben* -, e non polo feito de que a persoa xurídica teña carácter mercantil. Por tanto, a liña seguida polo INC e na que os vendedores encontran apoio para negar reparacións ou trocos dos produtos - *sinxelamente afirmando que a PEME non é consumidora* - provoca unha incerteza e unha desprotección evidente que debería ser aclarada canto antes.

**c) Posibles conflitos entre a PEME consumidora e o vendedor.**

Poñamos algúns exemplos de posibles conflitos que poden xurdir entre a PEME compradora e o vendedor ou o produtor do ben adquirido: a compra por parte do empresario dunha impresora para a súas oficinas, o dono dunha tenda de telefonía móbil que merca un teléfono para uso persoal e o empresario que merca unha máquina de aire acondicionado para a sala de espera da súa empresa.

*Son consumidores e, por tanto, éelles aplicable a Lei de garantías de venda de bens de consumo de 2003?*

Nos dous últimos casos, considero que a PEME tería a condición de consumidor porque a compra do móbil realízase fóra do ámbito da súa actividade empresarial e non se integra en procesos de produción ou de comercialización, e cuxa finalidade exclusiva é para uso persoal; no caso do aire acondicionado, tamén ostentaría esta condición, ao ser un produto non destinado a integrarse no proceso de produción propio da empresa se non para ser empregado por persoas vinculadas a ela. Nestes supostos, a PEME é o

destinatario final da compra **sen que exista finalidade lucrativa**. Porén, o primeiro caso (impresora) pode levar a situacións enfrontadas entre a PEME compradora (consumidor) e o vendedor ou produtor, xa que este último pode considerar que unha impresora é un produto que se integra dentro da actividade da empresa e, por tanto, a PEME carecería da condición de consumidor, e non lle serían aplicables as garantías establecidas na Lei 23/2003.

#### **d) Solucións da PEME ante a negativa do vendedor.**

Coñecido o carácter imperativo da Lei 23/2003<sup>29</sup> e, en consecuencia, a imposibilidade de renunciara os dereitos por incumprimento do vendedor, debe terse moi en conta que a renuncia de dereitos é nula - *prohibíndose, así mesmo, a denominada renuncia preventiva, que non é tal e que non vincula o consumidor* -, polo que, de ser o caso e se fose necesario, a PEME poderá exercer os dereitos que a lei recoñece na súa condición de consumidor<sup>30</sup>. Para que o empresario comprador estea seguro -*en canto aos prazos de garantías a que se refire a LGVBC-*, evitando renunciar aos dereitos que recoñece a Lei de garantías de 2003 aos consumidores – *o que non sería posible agás que a PEME consumidora renunciase a exercitalos por propia vontade* -, o máis aconsellable sería que, xa desde o mesmo momento da compra, determinase e aclarase co vendedor se a realiza en calidade de consumidor ou non, e polo tanto, se a Lei de garantías de 2003 sería de aplicación no caso de futuros defectos ou de mal funcionamento do produto.

---

<sup>29</sup> Artigo 7 Directiva 1999/44/CE: “As cláusulas contractuais ou os acordos a que se chegue co vendedor, antes de que se lle indique a este a falta de conformidade, que exclúan ou limiten directa ou indirectamente os dereitos conferidos pola presente directiva, non vincularán o consumidor, de conformidade co establecido no dereito nacional”

Artigo 4 da Lei 23/2003 de garantías das vendas de bens de consumo.

<sup>30</sup> Código civil. Artigos 6.3 e 6.4. do título preliminar, capítulo III.

A anterior posibilidade lévanos a formular a seguinte cuestión: *non sería este “acordo” contrario ao artigo 6.2 do Código civil ao preceptuar a nulidade da exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos recoñecidos nela?*

Na miña modesta opinión considero que non, xa que a PEME consumidora non estaría actuando en contra do interese ou da orde pública, nin tampouco prexudicaría a terceiros. Así mesmo, e tendo en conta que a situación actual de indeterminación que se lle presenta á PEME, ao poder vérselle denegados o seus dereitos se reclama como consumidor - *segundo a liña seguida polo Instituto Nacional de Consumo e polo tanto polos vendedores e produtores ao verse favorecidos pola interpretación da consulta* -, a protección legal da PEME quedaría protexida, xa que o que se realiza non é unha renuncia de dereitos ou de lei aplicable, se non que, “*ab initio*”, determínase a posición xurídica das partes no vínculo contractual que rexe a compravenda pactada, considerando que esta actuación sería plenamente válida, eficaz e respectuosa coa legalidade vixente.

Para os casos en que **xurdan reclamacións en vendas xa realizadas** - *sempre e cando se producisen a partir do 11 de setembro de 2003*- , o primeiro que debe facer a PEME consumidora é reclamar directamente ao vendedor ou, de ser o caso, ao produtor<sup>31</sup>, deixando constancia dos defectos ou mal funcionamento do produto – *por escrito mediante un fax, un burofax, unha carta certificada...*-, en que solicite a súa reparación ou cambio, baseándose na Lei de garantías, en relación coa Lei de consumidores (LXDCU), tendo sempre presente que toda persoa física ou xurídica, que adquire bens ou produtos para unha utilización ou consumo persoal -*sen que eses bens se integren en*

---

<sup>31</sup> [Artigo 10 da Lei 23/2003](#)

*procesos de produción ou comercialización, sen que volvan saír ao mercado-*, entra dentro do seu ámbito de protección e, por tanto, se o vendedor se opón á reparación ou ao cambio do produto, a PEME poderá alegar a nulidade da súa exclusión, ao estar esta negativa vetada polo ordenamento xurídico.

Se a pesar de todo o vendedor no accede a reparar ou substituír o ben, a PEME poderá presentar unha reclamación e solicitar a arbitrase á Xunta Arbitral de Consumo competente, baseándose na súa condición de consumidor. Se o vendedor está adherido ao sistema, o procedemento desenvolverase concluíndo mediante laudo que, como unha sentenza xudicial, resolve o conflito e ten eficacia de cousa xulgada. Se o vendedor non está adherido ao Sistema de Consumo, poderá aceptar ou rexeitar o “convite” de arbitrase – *dado o seu carácter voluntario* -, arquivándose a reclamación en caso de negativa, o que obrigaría á PEME a acudir á vía xudicial.

En determinados casos, a contía do arranxo ou reparación do produto, fan que acudir á vía xudicial sexa demasiado gravoso, tanto polos elevados custos, como polo tempo que pode supor. Nos supostos en que isto poida acontecer, a PEME pode evitar acudir aos xulgados e aos tribunais mediante a inclusión, no contrato de compra, de cláusulas que, na medida do posible, poidan solucionar futuros conflitos que se presenten, sendo a arbitrase privado una vía plenamente aplicable e aconsellable para a súa resolución.

## V. REFLEXIÓN FINAL.

Ao ser consumidor toda persoa, física o xurídica, que adquire bens ou produtos para o seu emprego e consumo persoal, sen que eses bens se integren en procesos de produción ou de comercialización e sen que volvan saír ao mercado, se retomamos a posición do Instituto Nacional de Consumo, podemos chegar á conclusión de que o concepto de consumidor que existe na actualidade - *persoas físicas e xurídicas* - será “*previsiblemente*” reformado e adaptado á normativa comunitaria e nacional vixente referida ao consumidor, aproximándoo ao concepto de “**consumidor-persoa física**”.

Esta interpretación - *polo menos, dentro do alcance das directivas comunitarias e posteriores leis traspostas ao ordenamento xurídico español* - ten a súa base, na **sentenza do 22 de novembro de 2001 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, Sala Terceira (TXCE 2001, 330)<sup>32</sup>**, en que resolve sobre a aplicación da **Directiva 93/13/CEE en relación coas cláusulas abusivas nos contratos celebrados con consumidores<sup>33</sup>**, no caso dunha empresa que celebra un contrato tipo con outra empresa, para a adquisición de bens en beneficio exclusivo dos seus propios empregados, e na que España e Francia defendían a posibilidade de que o concepto de consumidor puidese incluír a persoa xurídica, o TXCE resolve que o concepto de consumidor debe interpretarse no sentido de referirse **exclusivamente, ás persoas**

---

<sup>32</sup> *Sentenza do 22 de novembro de 2001 do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXCE) (Sala Terceira integrada pola Sra. F. Macken (Relatora), presidenta de Sala, e os Sres. C. Gulmann e J.-P. Puissochet, xuíces).*

<sup>33</sup> *Directiva 93/13/CEE do Consello, do 5 de abril de 1993, sobre as cláusulas abusivas nos contratos celebrados con consumidores [Diario Oficial L 95 de 21.4.1993]. (LCEur 1993, 1071)*

**físicas** que actúen con un propósito alleo á súa actividade profesional, tal como se define no artigo 2, letra b) da Directiva 93/13/CEE.

A recente *sentenza do Tribunal Supremo* núm. 891/2004 do 21 setembro [RX 2004\5576]<sup>34</sup>, no seu fundamento de dereito terceiro, último parágrafo, evidencia unha clara poxa cara ao concepto de consumidor adaptado á lexislación comunitaria, o determinar que *“o concepto de consumidor só cabe ser atribuído ás persoas físicas, e así o establece o artigo 2-b da Directiva 93/13 do Consello de 5 de abril (LCEur 1993, 1071, porén o de profesional compete tanto ás persoas físicas como ás xurídicas e esta atribución é exclusiva conforme declarou a **sentencia do 22 de novembro de 2001 (TXCE 2001, 330), pronunciada polo Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas”***

Neste contexto, é máis que previsible que da mesma maneira que aconteceu coa aplicación da Directiva 93/13/CEE sobre as cláusulas abusivas nos contratos Celebrados con consumidores, **existan “futuras modificacións” do concepto de consumidor en aplicación da Lei de garantías de 2003**, froito da transposición ao dereito interno da Directiva **1999/44/CE sobre determinados aspectos da venda e as garantías dos bens de consumo**, polo que tanto xuíces, como tribunais e organismos competentes na materia, deberán aplicar as disposicións de dereito nacional, sexan anteriores ou posteriores á Directiva, interpretándoas con base na súa letra e finalidade.

Na actualidade, o Goberno está a traballar no Anteproxecto de Lei de mellora de protección dos consumidores e usuarios, baseándose na disposición final cuarta da Lei 23/2003, que habilita ao Goberno a refundir nun único texto, a Lei xeral para a defensa dos consumidores e dos usuarios e as normas comunitarias e racionais ditadas en

---

<sup>34</sup> *S T S* núm. 891/2004 do 21 setembro (Sala do Civil, Sección 1ª), [RX 2004\5576] *Recurso de casación. Relator Excmo. Sr. Alfonso Villagómez Rodil.*

materia de protección dos consumidores e usuarios que inciden nos aspectos regulados na primeira.

Esta nova Lei ten como fin o de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que teñan que ser refundidos, dándolle ao Goberno un prazo de tres anos desde a entrada en vigor da Lei de garantías para o efectuar. Por tanto, antes do 11 de setembro de 2006, “*previsiblemente*” as cuestións formuladas ao longo deste estudo poderán ser clarificadas. Mentres tanto, as PEME que na súa condición de **consumidoras “persoas xurídicas”** pretendan facer valer os seus dereitos en aplicación da Lei de garantías 23/2003, poderán ver rexeitadas a súas reclamacións máis alá da garantía comercial que lles poidan ofrecer os vendedores. Agardemos que desta vez, o lexislador sexa capaz de adaptar e regular, dunha maneira definitiva, a protección da parte máis débil, o consumidor.